

COHESIÓN ECONÓMICA E SOCIAL NA UNIÓN EUROPEA

MARÍA PILAR BARRÓS NAVEIRA

Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

Recibido: 9 decembro 1996

Aceptado: 18 decembro 1996

Coa entrada en vigor da Acta Única Europea (1987), a *cohesión económica e social* converteuse nun imperativo político-económico para os estados membros da Comunidade. Sen dúbida, a consolidación do Mercado Único requiría un complemento adicional de solidariedade e cohesión respecto a disparidades rexionais e sociais.

Tanto a reforma dos fondos estructurais e o aumento da súa dotación financeira en 1988 como as variacións efectuadas co Tratado da Unión Europea (1993) formalizaron unha vella aspiración xa mencionada no Tratado de Roma e na instrumentalización de fondos estructurais ó servicio do desenvolvemento harmónico da UE como un obxectivo prioritario da política rexional comunitaria¹.

O Tratado da Unión Europea sinala, no seu preámbulo e nas súas disposicións comúns, que a UE terá entre os seus principais obxectivos: "...promover un progreso económico e social equilibrado e sostible, principalmente mediante a creación dun espacio sen fronteiras interiores, o fortalecemento da cohesión económica e social e o establecemento dunha unión económica e monetaria que implicará, no seu momento, unha moeda única..." (título 1, artigo B).

No título XIV, artigo 130-A, o Tratado reitera o obxectivo indicado e propón, especificamente: "...reduci-las diferencias entre os niveis de desenvolvemento das diversas rexións e o atraso das rexións menos favorecidas, incluídas as zonas rurais". Neste sentido, os retos de cohesión económica e social da integración europea cobran unha perspectiva de maior complexidade, pois o obxectivo posiciónase nunha encrucillada na que se interrelacionan os procesos de consolidación do mercado único, de diminución de desequilibrios espaciais e diferencias sociais, e de realización da unión económica e monetaria. A amplitude dos obxectivos requiriun potencia-los instrumentos estructurais mediante a creación dun Fondo de Cohesión.

¹ Cf., a este respecto, os Regulamentos 2.080/93 ó 2.085/93 de disposicións marco, de coordinación e de desenvolvemento dos fondos estructurais (FEDER, FSE, FEOGA-O, IFOP), que modifica o Regulamento 2.052/88.

Os fondos comunitarios, tanto os de tipo estructural como os de cohesión, presentan implicacións susceptibles de seren contradictorias. Os recursos dirixidos ó desenvolvemento das rexións menos favorecidas poden, por inercia ou por arbitrariedade, lesionar o principio de competencia e obstaculizar a realización do mercado común. A articulación de medidas para a aplicación dos fondos estructurais e de cohesión é, polo alcance dos obxectivos fixados, transitoria na medida en que se superen os desequilibrios rexionais e sociais. Requírese, polo tanto, unha concepción transparente e un estricto control de execución e xestión dos proxectos finanziados con esta liña de recursos comunitarios.

O Fondo de Cohesión é un instrumento que cofinancia proxectos nos campos do medio natural e do establecemento de redes de infraestructuras europeas de transporte, telecomunicacións e enerxía. Os destinatarios son os membros da UE que teñan un PIB "per cápita" inferior ó 90% da media comunitaria e que apliquen un programa económico dirixido a cumpri-las condicións de converxencia establecidas no Tratado da Unión.

Nunha primeira fase, estimouse que os primeiros beneficiarios do Fondo de Cohesión fosen Grecia, España, Irlanda e Portugal, establecéndose os recursos financeiros disponibles no período 1994-1999², cunha dotación inicial de 15.150 millóns de ecus que se repartirían de forma indicativa segundo a seguinte distribución: España 52-58%, Grecia 16-20%, Portugal 16-20% e Irlanda 7-10%.

No caso español, dun total estimado entre 7.878 e 8.787 millóns de ecus para sete anos, só os proxectos de titularidade estatal se materializaron nos dous primeiros exercicios. A partir dos acordos adoptados no Consello de Política Fiscal e Financeira de setembro de 1994, as asignacións distribuíronse segundo o mapa competencial das autonomías, cun predominio de proxectos ambientais relacionados cos plans de reforestación, de residuos perigosos e de depuración de augas residuais.

O principio de cohesión reforzou os fondos comunitarios ó servizo dos obxectivos 1 e 2, de fomento do desenvolvemento e axuste estructural das rexións menos desenvolvidas e de reconversión das rexións afectadas pola crise industrial respectivamente, ata o punto de representar —nas previsións orzamentarias— o 36% do gasto comunitario de 1999.

Tralo Consello Europeo de Edimburgo (decembro de 1992) no que se aprobou a dotación financeira para o período 1993-1999, engadiuse unha provisión de recursos do servizo de cohesión económica e social de 109.000 millóns de ecus ós 67.000 millóns de ecus previstos para os fondos estructurais. Esta cifra permitiría lles ós catro países beneficiarios do Fondo de Cohesión duplicar nese período a dotación financeira destinada ás devanditas actuacións político-económicas.

Conforme ás disposicións do Tratado da Unión Europea, a Comisión presentou o seu primeiro informe sobre a cohesión económica e social a teor dos compromisos

² Regulamento de creación do fondo de cohesión núm. 1.164/94.

fixados no artigo 130b³. O informe preséntase nunha secuencia de diagnósticos e respuestas político-económicas arredor das seguintes cuestións:

- 1) As disparidades económicas e sociais entre os estados membros, rexións e grupos sociais ¿reducíronse nos últimos anos, dando lugar a un desenvolvemento harmónico da "ensamblaxe" da Unión?
- 2) ¿Cal foi o balance das políticas estructurais comunitarias?
- 3) ¿Que papel desenvolven as políticas dos estados membros e cal debe se-la compoñente de cohesión económica e social das políticas da Unión, ademais das de tipo estructural?

Respecto á situación da economía galega á luz do devandito estudio, os resultados ofrecidos suxiren prudencia na interpretación dos datos, algúns dos cales cuestionan os obxectivos de cohesión espacial fixados no proceso.

Para ilustrarmos este comentario, observémo-lo comportamento de dúas variables, PIB por habitante e taxa de desemprego, nas que se menciona expresamente o caso galego nos cadros estatísticos correspondentes. En 1983, en vésperas da incorporación de España á CEE, Galicia ocupaba o lugar 24 das rexións europeas menos favorecidas en termos de PIB/h, pois nese exercicio representou o 61% da media da UE-15, mentres que unha década despois ocupaba o posto 23, pero o seu PIB/h quedou estancado representando, en 1993, o 60% da media da UE-15. Respecto á taxa de paro, en 1983 Galicia non se atopaba entre as 25 rexións con maior nivel de desemprego, pero en 1995 incorpórarse a esta lista no posto 24, cunha taxa do 17,2%.

En resumo, é preciso unha gran cautela analítica para conxugar unha proposta de cohesión como a proposta no Tratado da Unión e os irregulares resultados das políticas aplicadas, que comprometen os desafíos formulados no devandito proceso de integración político-económica.

³ *Rapport sur le Progrès Accompli dans la Cohésion Économique et Sociale*, COM/96/542. Bruxelas.